

Seguindo esta comitiva vai o coro, os músicos, máis atrás os "vellos" (disfraces varios) e pechando a comparsa, o resto de Xenerais. Esta comparsa percorre tódalas aldeas da parroquia.



Ao chegar a cada aldea, un dos Xenerais dá a entrada. En primeiro lugar actúa o coro formando un círculo mentres o director e a directora, colocados no medio, xiran de forma oposta dirixindo as cantigas.

Seguidamente os "vellos" entonan cantigas máis picantes ou satíricas.

Después das cantigas, os Xenerais comencan a "dar os vivas". Isto significa saudar a cada casa; ao mesmo tempo, os veciños fan a súa aportación monetaria coa que se axuda a pagar os gastos da festa.



Os Xenerais son tamén os protagonistas no "atranque", enfrontamento verbal e rimado entre Xenerais e Correos de distintas parroquias, chámase así porque se impide o paso. Despois do enfrontamento, ambas partes terminan facendo as paces lanzando "vivas" á paz e á unión entre parroquias. Os Xenerais normalmente recitan as súas rimas en castelán con mezcla de galego (en sentido de burla).

